

Expediente núm.: 207/2024

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto que o posto de traballo de PEÓN DE OBRAS é necesario para a prestación de servizos básicos obrigatorios como o de abastecemento, saneamento ou vías públicas.

Visto que na actualidade o concello non conta con Bolsas de Emprego para a realización de contratacións que permita cubrir de forma temporal, mediante contrato laboral, as necesidades municipais que poidan presentarse, por motivo de vacantes, substitucións transitorias de baixas, licenzas regulamentarias, execución de programas de carácter temporal, exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de nove meses etc.,

Coa creación desta Bolsa de Emprego, o Concello da Merca pretende axilizar a selección de persoal dando cobertura ás necesidades de ocupación de carácter temporal no posto de traballo de PEÓN DE OBRAS. Todo elo rexido polos principios constitucionais de mérito e capacidade, que encontran a súa plasmación legislativa xunto aos de publicidade, transparencia e imparcialidade no artigo 55 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Visto o Informe de Secretaría de data 04.04.2024 sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir para constituír a bolsa de emprego.

Visto o informe favorable de Intervención de data 08.04.2024.

Visto que por Resolución de Alcaldía núm. 2024-0178, do 8 de abril, aprobáronse as BASES QUE REXEN A CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL DE PEÓNS DE OBRAS MEDIANTE CONCURSO DE MÉRITOS CON ENTREVISTA, que figuran no expediente, e convocouse a creación dunha bolsa de emprego temporal de peóns de obras para posibles substitucións por motivo de vacantes, substitucións transitorias de baixas, licenzas regulamentarias, execución de programas de carácter temporal, exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de nove meses etc. (non se inclúen as contratacións subvencionadas por outras AA.PP), mediante o sistema de concurso de méritos con entrevista.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes de admisión para a creación dunha bolsa de emprego temporal de peóns de obras.

E examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, e o artigo 21.1.g), da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, esta Alcaldía

RESOLVE



PRIMEIRO. Aprobar a seguinte relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos:

ADMITIDOS:

DNI	ASPIRANTE
***7947**	CELSO VAZQUEZ CURRAS-RODRIGUEZ

EXCLUÍDOS:

SEGUNDO. Vistas as propostas de membros realizadas polos Organismos correspondentes que deben formar parte do Tribunal que realizará a selección, designar como membros do Tribunal que debe xulgar as correspondentes probas ás seguintes persoas:

Membro	Identidade
Presidente	MANUEL PÉREZ NIETO, persoal da Deputación Provincial de Ourense
Suplente	FÉLIX MARTÍNEZ FERNÁNDEZ, persoal da Deputación Provincial de Ourense
Vogal	JOSÉ FÍRVIDA RODRÍGUEZ, persoal da Deputación Provincial de Ourense
Suplente	LUÍS SALGADO VÁZQUEZ, persoal da Deputación Provincial de Ourense
Vogal	CANDIDO JOSÉ CONDE MERA, persoal do Concello da Merca
Suplente	FRANCISCO JAVIER NEIRA GONZÁLEZ, persoal do Concello da Merca
Vogal	VÍCTOR JOSÉ FORTES GÓMEZ, persoal do Concello da Merca
Suplente	MARIA JOSÉ GARRIDO CID, persoal do Concello da Merca
Secretario	ABEL CAMOIRA LOUZAO, persoal do Concello da Merca
Suplente	MARÍA DOLORES VILLAR ÁLVAREZ , persoal do Concello de Cartelle

TERCEIRO. Notificar a presente resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

CUARTO. Publicar a relación provisional de admitidos e excluídos, así como a composición do Tribunal de Selección, na sede electrónica deste Concello [<https://amerca.sedelectronica.gal>] e no Taboleiro de Anuncios.

Dispónse dun prazo de TRES días hábiles, a partir da publicación deste anuncio na sede electrónica deste Concello [<https://amerca.sedelectronica.gal>] e no Taboleiro de Anuncios, para formular reclamacións.

Mándaa e asínaa, o Sr. Alcalde-Presidente, don José Manuel Garrido Sampedro, na Merca, a data de sinatura electrónica. Dou fe, o Secretario, don Abel Camoira Louzao.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

